



Aterraxe de emerxencia en Aguións

Xerardo Rodríguez Arias

astaboas@gmail.com

Resumo. No mes de setembro cumpríronse cincuenta e oito anos da aterraxe de emerxencia dunha avioneta francesa en terras estradenses. A manobra que remata co aparello nun milleiral de Aguións era a segunda destas características que efectuaba o piloto en menos de corenta e oito horas por terras galegas.

Abstract. Fifty-eight years ago, in September, a French light aircraft made an emergency landing in A Estrada. The maneuver that led the plane to a maize field in Aguións was the second one the pilot made in the same circumstances in Galicia in less than 48 hours.

Sobre as dúas da tarde do mércores 21 de setembro de 1955 os veciños da parroquia de Aguións do Concello de A Estrada vense sorprendidos polo ruído dun motor que por momentos soa con máis forza. Os máis novos interrompen o xantar para averiguar a orixe de tanto estrondo e mesmo algún chega a tempo de ver como unha avioneta, despois de dar varias voltas sobre casas e terras de labor, acaba por pousarse, non sen certa dificultade, nun milleiral.

As autoridades do Sector Aéreo de Galicia, alertadas pola Garda Civil, envían cara Aguións ao capitán de aviación e Xefe da Escola de Pilotos do Aero Club de Santiago, Juan Teijeira, para coñecer o estado da avioneta e analizar as posibilidades de despegue dende o improvisado campo de aterraxe.

Cando a media tarde o capitán Teijeira chega ao lugar onde está o aparello non pode dar creto ao que ve, trátase da mesma avioneta que, tamén de emerxencia, aterrara na tardiña do día 19 na praia de Razo, en Carballo, e á que aquela mesma mañán auxiliara no despegue dende aquel areal.



A carón de Monsieur Luquin homes e rapaces de Aguións. Nun segundo plano, detrás da avioneta, as mulleres. Sept. 1955.

O aparello é unha avioneta biplaza *Jodel D-120 Paris-Nice* con matrícula francesa F-BFNP, fabricada en xuño deste mesmo ano e pilotada por Robert Luquín veterinario e veciño de París que xunto coa súa dona saíran da capital francesa para achegarse a Compostela en viaxe de turismo. Sobre as sete e media da tarde do día 19 e cando realizaban a derradeira etapa, atópanse cunha mesta néboa que os obriga a desviarse da rota o que provoca un consumo adicional de combustible que lles impedirá chegar a Lavacolla, véndose na necesidade de buscar un lugar axeitado para unha ateraxe de merxencia, facéndoo sen novidade na praia de Razo.

Unha vez comprobado o estado da avioneta polos técnicos chegados dende A Lavacolla e realizada a repostaxe co combustible que eles mesmos trouxeran dende esa Terminal, a autoridade militar, representada polo capitán Teijeira, autoriza o despegue. Na mañán do 21 Robert Luquin, sen a compañía da súa dona Susan, que fai a viaxe por estrada, despega do areal de Razo con rumbo ao aeroporto compostelán, onde unha vez máis as condicións meteorolóxicas han ser protagonistas.

Ao pouco de despegar de Carballo o piloto bate cun ceo parcialmente anubrado que vai en aumento a medida que se achega ao aeroporto e que lle impide establecer contacto visual coa pista. Despois de sobrevoar durante un tempo Compostela e os arredores da Lavacolla prolonga o seu voo cara o Sur na procura dun oco que



De uniforme o capitán Teijeira, á súa esquerda o coronel Rivero, xefe do Sector Aéreo de Galicia e o Profesor da Escola de Pilotos, Ángel Campoy, acompañados polos alumnos da primeira promoción de pilotos do Aero Club de Santiago. Lavacolla. Sept. 1955.

Ile permita orientarse e regresar ao campo, cousa que acontece practicamente sobor da Estrada, sobre cuxa vertical pon rumbo cara o aeroporto.

Pouco lle ía durar a ledicia a monsieur Luquin, nada máis establecerse na rota axeitada o motor da *Jodel* comenza a notar a falla de combustíbel obrigando ao piloto francés a facer a segunda aterraxe de emerxencia en menos de 48 horas. Se ben nas dúas ocasións as condicións meteorolóxicas foron protagonistas das accidentadas manobras, o factor determinante para que nesta última o voo remate nun milleiral de Aguíóns ha ser a cativa repostaxe realizada en Trazo.

Por fin, dous días despois a avioneta F-BFNP chega a Lavacolla pero, iso si, por estrada e co fin de arranxar os desperfectos ocasionados na “toma de terra” nos eidos estradenses. Coa mesma data e tamén por estrada saen con destino a París Susan e Robert, os que oito anos despois da súa accidentada aventura polas terras, mar e aire do noso país acaban por vender a *Jodel D-120 Paris-Nice* a un cidadán inglés, co que volverá sucар os aires coa matrícula desa nacionalidade G-ASPF.